

ESTATUTOS

DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO





ÍNDICE XERAL

TÍTULO I	3
DENOMINACIÓN, OBXETIVO E ACTIVIDADES	3
CAPÍTULO I: DENOMINACIÓN	3
CAPÍTULO II: OBXECTO	3
CAPÍTULO III: ACTIVIDADES	4
TITULO II	7
DOMICILIO, LOCAIS E INSTALACIÓNS	7
TITULO III	7
ESTAMENTOS FEDERATIVOS	7
TITULO IV	8
ESTRUCTURA ORGÁNICA XERAL DA FGM	8
CAPÍTULO I: A ASEMBLEA XERAL	9
CAPÍTULO III: A XUNTA DIRECTIVA	14
CAPÍTULO IV: A SECRETARÍA XERAL	16
CAPÍTULO V: A TESOURERÍA	17
CAPÍTULO VI: A DIRECCIÓN TÉCNICA	17
CAPÍTULO VII: ASESORES	18
TITULO V	18
INTEGRACIÓN DOS CLUBS E SECCIÓNS DEPORTIVAS	18
TITULO VI	19
ORGANIZACIÓN TERRITORIAL	19
TÍTULO VII	19
DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA FEDERACIÓN	19
CAPÍTULO I: DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO	19
CAPÍTULO II: DEREITOS E DEBERES DOS FEDERADOS	20
TÍTULO VIII	21
RESPONSABILIDADE DOS TITULARES E MEMBROS DOS ÓRGANOS FEDERATIVOS	21
ELECCIÓN E CESE DOS TITULARES DOS ÓRGANOS FEDERATIVOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN	21
MOCIÓN DE CÉNSURA Á PRESIDENCIA DA FGM	21
CAPÍTULO I: ELECCIÓN E CESE	21



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



CAPITULO II: MOCIÓN DE CENSURA Á PRESIDENCIA DA FGM.....	24
TÍTULO X	25
RÉXIME DE FUNCIONAMENTO XERAL E ADOPCIÓN DE ACORDOS.....	25
TÍTULO XI.....	26
RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL.....	26
TÍTULO XII	28
RÉXIME DOCUMENTAL	28
TÍTULO XIII.....	29
RÉXIME DISCIPLINARIO	29
CAPÍTULO I: INFRACCIÓNS E SANCIO NS DISCIPLINARIAS.....	29
CAPÍTULO II: PROCEDEMENTOS DISCIPLINARIOS DEPORTIVOS	32
CAUSAS DE EXTINCIÓN E DISOLUCIÓN	35
TITULO XV.....	36
CAPÍTULO I: APROBACIÓN DE ESTATUTOS	36
CAPÍTULO II: REFORMA DE ESTATUTOS	36
Disposición común.....	37
Disposicións derradeiras.....	37



TÍTULO I

DENOMINACIÓN, OBXETIVO E ACTIVIDADES

CAPÍTULO I: DENOMINACIÓN

Artigo 1. A Federación Galega de Montañismo (en adiante FGM) constituíuse o 23 de outubro de 1963 baixo a denominación de "Federación Galaica de Montañismo", pasando a chamarse despois "Federación Gallega de Montañismo" e máis tarde "Federación Galega de Montañismo".

- a) A FGM é unha entidade privada, de utilidade pública, sen ánimo de lucro, que goza de personalidade xurídica, patrimonio propio e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.
- b) A FGM reúne dentro do territorio galego os clubs e seccións deportivas, técnicos/as, xuíces/zas e árbitros/as e deportistas, dedicados á práctica ou competición dos deportes de montaña ou escalada en todas e cada unha das modalidades que máis adiante se especifican.
- c) A FGM declárase á marxe de calquera afiliación política, confesión relixiosa ou clasificación social e rexerese polo disposto na Lei 3/2012 do 2 de abril do deporte de Galicia, polas súas normas de desenvolvemento, por estes estatutos e os regulamentos debidamente aprobados e polas demais normas legais ou federativas que resulten aplicables.

CAPÍTULO II: OBXECTO

Artigo 2. É obxecto da FGM como ente asociativo:

- 1) Apoiar técnica, administrativa e economicamente ós deportes de montaña e escalada en todas e cada unha das súas modalidades no territorio galego e en actividades federativas que realicen afiliados á FGM fóra de Galicia.
- 2) Aglutinar e prestar apoio ós deportistas que desenvolvan a súa actividade en calquera das modalidades que comprenden os deportes de montaña e/ou escalada, e potenciar a realización dos oportunos cursos de iniciación, perfeccionamento, alto nivel e de titulación, incluíndo tamén a árbitros/tras e xuíces/zas e técnicos/as.
- 3) Representar oficialmente e de maneira exclusiva ós deportes de montaña e á escalada galegos ante os organismos e institucións autonómicas e estatais, e tamén difundir as normas e recomendacións emanadas dos mesmos. Ostentar a representación de Galicia nas actividades e competicións deportivas de carácter estatal celebradas fóra e dentro do territorio galego.
- 4) Traballar e colaborar na protección do medio natural co obxectivo prioritario de preservalo de accións que modifiquen o seu estado natural inicial, e intervir ante os entes públicos e/ou privados con responsabilidades e/ou relacionados con estas cuestións.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



- 5) Estimular e potenciar entre a cidadanía, a práctica dos deportes de montaña e/ou escalada en todas e cada unha das súas modalidades.
- 6) Colaborar e poñer en práctica os mecanismos necesarios para incrementar a seguridade na práctica destes deportes.
- 7) Difundir o coñecemento das beleza naturais que se atopan no ámbito da montaña, prestando o apoio e colaboración precisos para a construción e conservación de camiños, sendeiros e refuxios, así como a confección de mapas, guías e monografías, e a publicación, realización e organización de revistas, películas, conferencias, etc.
- 8) Desenvolver e fomentar os estudos e traballos xa sexan científicos, artísticos, de divulgación ou de calquera outra índole que estean relacionados coa montaña e/ou coas modalidades deportivas que esta FGM acolle.
- 9) Fomentar e colaborar en actividades científicas como investigacións e exploracións xeolóxicas, xeográficas, meteorolóxicas, fauna, flora, etc. e calquera outra relacionada co medio natural.
- 10) Xestionar ante organismos públicos e/ou privados os apoios e axudas de toda índole que sexan necesarios ou útiles para os deportes de montaña e a escalada.
- 11) Estimular ó voluntariado como apoio á organización de actividades e eventos deportivos e tamén para o mantemento de refuxios e instalacións deportivas ao aire libre.

CAPÍTULO III: ACTIVIDADES

Artigo 3. Os deportes de montaña e a escalada comprenden:

- 1) As excursións, andainas e travesías na baixa, media e alta montaña en todas as súas modalidades e/ou combinacións (deportivas, turísticas, entorno natural, culturais e científicas).
- 2) A acampada con fins alpinísticos ou montañeiros fora das instalacións comerciais.
- 3) As excursións e percorridos por barrancos, canóns e desfiladeiros en todas as súas modalidades e/ou combinacións (deportivas, turísticas, entorno natural, culturais e científicas).
- 4) O alpinismo en todas as súas modalidades e/ou combinacións (con esquís, alta montaña en todas as épocas do ano, expedicións, “trekking”, escalada en xeo e mixto, etc.).
- 5) O esquí de travesía ou de montaña e o “splitboard”.
- 6) Os percorridos e travesías por montaña con raquetas de neve.
- 7) O sendeirismo (sendeiros de gran e pequeno percorrido e locais, sinalizados de acordo coas normativas autonómica, estatal e internacional), incluídas as actividades necesarias para a apertura, sinalización, mantemento e divulgación dos camiños e sendeiros.
- 8) A escalada en todas as súas modalidades e/ou combinacións (en rocha, en xeo, deportiva, urbana, olímpica, etc.).
- 9) As probas e competicións (travesías e circuítos pedestres por baixa, media e alta montaña, travesías e circuítos de esquí de montaña, con raquetas de neve, marchas



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



reguladas por montaña, competicións de escalada ó aire libre e en instalacións cubertas).

- 10) Os espectáculos deportivos, xornadas e eventos relacionados cos deportes de montaña e/ou escalada.
- 11) As carreiras por montaña en todas as súas modalidades ou “skyrunning”.
- 12) A marcha nórdica en todas as súas modalidades, combinacións e superficies.

Artigo 4. Terán a consideración de actividades afíns ós deportes de montaña e a escalada aquelas que os complementen cultural e civicamente. A título enunciativo terán tal consideración as seguintes:

- 1) Actividades e estudos científicos, investigacións e exploracións sobre o medio natural tales como xeolóxicas, xeográficas, meteorolóxicas, astronómicas, toponímicas e as súas relacións co folclore, a música e a lingüística.
- 2) Actividades, traballos, estudos, e investigacións con referencia ós aspectos médicos relacionados cos deportes de montaña e/ou escalada.
- 3) Actividades e traballos destinados á protección e defensa do medio natural e estudio e conservación do solo, a fauna, a flora e o patrimonio natural, paisaxístico e arquitectónico.
- 4) Estudos, traballos, exposicións, proxeccións, congresos, xornadas, concursos e cursos relacionados con aspectos científicos e humanísticos relacionados cos deportes de montaña e/ou escalada.
- 5) A confección e edicións de libros, mapas, guías, monografías e revistas especializadas para unha mellor información e desenvolvemento dos deportes de montaña e/ou escalada.
- 6) A construción, acondicionamento e mantemento de refuxios de montaña, terras de acampada e muros naturais e artificiais de escalada.
- 7) O estudo e planificación do turismo pedestre ou sendeirismo con actividades e traballos destinados ó desenvolvemento do “turismo verde” ou difuso, no ámbito da montaña.

Artigo 5. A FGM dentro da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, ademais das súas funcións propias de promoción, goberno, administración, xestión e organización do montañismo, exercerá, baixo a coordinación e tutela da administración deportiva autonómica, as seguintes funcións públicas de carácter administrativo.

- 1) A FGM exercerá as funcións que lle atribúan os seus estatutos, así como aquelas de carácter público que se delegan na Lei do Deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril.
- 2) A FGM exercerá como funcións propias as seguintes:
 - a. A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.
 - b. Colaborar coas administracións públicas e coa federación española correspondente, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



- c. Colaborar coa administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
 - d. De ser o caso, e conforme a normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - e. Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
 - f. Colaborar coa administración deportiva autonómica na formación de adestradores/as ou técnicos/as, xuíces/zas e árbitros/as segundo a normativa que sexa aplicable.
- 3) Os actos adoptados pola FGM no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- 4) Son funcións públicas delegadas e exerceranse en réxime de exclusividade pola FGM, as seguintes:
- a. Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, consonte a normativa que lle sexa aplicable.
 - b. Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
 - c. Expedir licenzas deportivas para a práctica da súa modalidade deportiva nos termos establecidos na Lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril.
 - d. Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
 - e. Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
 - f. Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos na Lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.
 - g. Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
 - h. Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte.
 - i. Calquera outra que regulamentariamente se determine.
- 5) As funcións públicas delegadas serán exercidas pola FGM baixo a tutela da administración deportiva, que, conforme se determine regulamentariamente, procederá á súa asunción nos casos de extinción da federación ou cando esta se atope en situación concursal.

A FGM exercerá as funcións públicas delegadas de forma directa, sen que poidan ser obxecto de delegación ou exercicio por ningunha substitución, sen autorización da administración deportiva.



TITULO II

DOMICILIO, LOCAIS E INSTALACIÓNS

Artigo 6. O domicilio da FGM atópase en Vigo. Rúa Fotógrafo Luís Ksado, 17-of.10 - C.P. 36.209.

Por acordo da Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, este enderezo poderá trasladarse a calquera outro lugar dentro da Comunidade Autónoma.

O traslado de domicilio dentro do mesmo termo municipal, non terá a consideración de modificación de Estatutos, non sendo de aplicación neste suposto, os requisitos e formalidades previsto no título XV dos presentes estatutos.

Por acordo da Comisión Delegada, a proposta da Xunta Directiva, poderase establecer delegacións naquelas localidades que pola súa importancia e actividade xustifiquen esta medida.

TITULO III

ESTAMENTOS FEDERATIVOS

Artigo 7. Tendo en conta a natureza dos deportes de montaña e escalada, no seo da FGM existirán os seguintes estamentos:

- Clubs, asociacións e seccións deportivas.
- Deportistas.
- Técnicos/as.
- Xuíces/zas e árbitros/as.

Artigo 8. Os Clubs deportivos e asociacións constituídos de forma válida, con arranxo á lexislación vixente, integraranse a petición propia na FGM sempre que o seu domicilio social estea dentro da Comunidade Autónoma Galega, e sempre que acepten e se comprometan a observar e cumprir os Estatutos da FGM e da FEDME e a someterse á autoridade dos órganos federativos en relación coas materias da súa competencia.

Artigo 9. Polo que se refiren a deportistas, técnicos/as, xuíces/zas e árbitros/as, seguiranse para súa integración na FGM os mesmos criterios que o artigo anterior.

Artigo 10. A integración na FGM producirase mediante a concesión por parte desta da licenza deportiva.



TITULO IV

ESTRUCTURA ORGÁNICA XERAL DA FGM

Artigo 11. Serán órganos electivos a Presidencia, a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada. Os demais órganos serán designados e revogados libremente pola Presidencia.

Son órganos superiores de representación e goberno da FGM:

- 1) Necesarios:
 - A Asemblea Xeral
 - A Comisión Delegada
 - A Presidencia

- 2) Complementarios:
 - A Xunta Directiva
 - A secretaría xeral
 - A xerencia
 - A dirección técnica

De acordo coas necesidades poderán existir:

- Presidencias de comités
- Asesores/as

Son órganos de funcionamento da FGM:

- A Escola Galega de Alta Montaña
- O Comité de Disciplina
- O Comité de Árbitros

Artigo 12. Con carácter xeral, serán requisitos para ser membro de calquera dos órganos da FGM.

- 1) Ser maior de idade.
- 2) Estar en pleno uso dos dereitos civís.
- 3) Non estar suxeito a sanción disciplinaria deportiva de carácter inhabilitante, nin ter sido condenado por sentenza xudicial firme que implique inhabilitación.
- 4) Os demais que puideran establecerse na normativa vixente.
- 5) A responsabilidade dos membros dos órganos da federación no exercicio das súas funcións será esixida no ámbito disciplinario de conformidade coa Lei 3/2012 do deporte de Galicia e nos ámbitos administrativo, civil e penal de acordo coa lexislación.

Artigo 13. A xunta electoral estará composta por tres membros titulares e tres suplentes maiores de idade elixidos por sorteo na Asemblea Xeral, entre persoas que presenten a



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea en que tería lugar a súa elección, e poderán estar os candidatos presentes nela.

No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, a presidencia da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar esta, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definitivos no punto anterior.

Artigo 14. A duración dos cargos será de catro anos coincidindo cos anos dos xogos olímpicos de inverno, podendo ser reelixido/a.

Artigo 15. En caso de substitución, os substituídos desempeñarán os seus cargos ata o primeiro ano olímpico, momento en que deberan renovarse os cargos.

CAPÍTULO I: A ASEMBLEA XERAL

Artigo 16. A Asemblea Xeral e o órgano Superior da FGM, e nela estarán representados os seguintes estamentos:

- a. Deportistas.
- b. Clubs e asociacións deportivas.
- c. Xuíces/zas e árbitros/as.
- d. Técnicos/as.

Estes representantes na Asemblea Xeral terán a consideración de electores e elixibles en representación do estamento ó que pertencen:

- 1) Os deportistas maiores de idade, en pleno exercicio dos seus dereitos civís, que teñan licenza en vigor expedida ata o momento da convocatoria das eleccións e que cumpran os demais requisitos previstos na norma autonómica que resulte de aplicación.
- 2) As entidades deportivas inscritas na FGM e no Rexistro de Entidades Deportivas e Deportistas de Galicia e cumpran os demais requisitos previstos na norma autonómica de aplicación.
- 3) Os/as técnicos/as con titulación oficialmente recoñecida; xuíces/zas e árbitros/as, en idénticas circunstancias que as sinaladas no parágrafo 1.

Os membros da Asemblea Xeral formarán parte dela mentres cumpran os requisitos polos que foron elixidos no seu respectivo estamento. De producirse unha vacante será cuberta co seguinte candidato máis votado.

No seu seo constituirase unha Comisión Delegada coa composición e facultades que se determinan nestes Estatutos.

A Asemblea Xeral poderá reunirse en Pleno ou en Comisión Delegada e as reunións poderán ter carácter ordinario ou extraordinario.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



Asemade, as reunións de Asemblea Xeral e a Comisión Delegada poderán celebrarse de forma presencial e/ou telemática, mediante a utilización de ferramentas tecnolóxicas que posibiliten o rexistro (censo), verificación e identificación dos asistentes de forma tal que se asegure a válida consecución dos acordos alcanzados.

Artigo 17.

- 1) A representación na Asemblea Xeral dos distintos estamentos responderán ás seguintes proporcións:
 - Entidades deportivas e clubs: Entre o 40-70%
 - Deportistas: Entre o 20-40%. Unha porcentaxe mínima do 10 % das persoas representantes do estamento de deportistas deberá ser elixido por e de entre quen teña a consideración de Deportista Galego de Alto Nivel (DGAN)
 - Técnicos: Entre o 5-20%.
 - Xuíces e árbitros: Entre o 5-10%.
- 2) O número de membros da Asemblea Xeral fixarase na convocatoria de eleccións á mesma.

Artigo 18. Son facultades da Asemblea Xeral reunida en sesión plenaria:

- 1) A aprobación do presuposto anual e a súa liquidación, como tamén da xestión económica da FGM.
- 2) A aprobación específica dos custos das licenzas deportivas de cada tempada (seguro de accidentes deportivos e cota de expedición da FGM).
- 3) A aprobación específica das tarifas oficiais das actuacións dos/as árbitros/as e técnicos/as, en calquera das actividades nas que a súa participación sexa necesaria.
- 4) A aprobación específica das dietas oficiais da FGM (árbitros/as, técnicos/as, deportistas ou directivos).
- 5) A aprobación dos criterios que se deben cumprir para a creación de delegacións da FGM.
- 6) A aprobación do calendario deportivo.
- 7) A elección e o cese da presidencia.
- 8) A aprobación e modificación destes estatutos.
- 9) A aprobación dos regulamentos.
- 10) A construción ou compra de bens inmoables.
- 11) O gravame ou alleamento dos anteriores bens, cando o importe sexa superior ó 25% do presuposto da FGM.
- 12) A aceptación de doazóns, herdanzas, cesións ou outros que constitúan dereitos reais.
- 13) A emisión de bonos, notas promisorias, obrigas, etc. e a solicitude de créditos a mais dun ano.
- 14) A constitución de hipotecas ou outros gravames que representen garantías reais sobre bens patrimoniais da FGM.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



- 15) A fixación de cotas ou derramas extraordinarias.
- 16) A decisión de disolver a FGM.
- 17) Calquera outra que estea prevista nos presentes Estatutos.

Artigo 19.

- a) A FGM pode gravar ou allear os seus bens inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, sempre que ditas negocios xurídicos non comprometan de xeito irreversible o seu patrimonio, ou do seu obxecto social. En todo caso cando a contía exceda o 25% do presuposto anual da FGM, ademais do acordo da Asemblea Xeral, será imprescindible o informe favorable da Secretaría Xeral para o Deporte.
Se se trata de bens inmobles que fosen financiados en todo ou parte, con fondos públicos da Comunidade Autónoma Galega, será preceptiva a autorización da Secretaría Xeral para o Deporte para o seu gravame ou alleamento.
- b) A FGM pode exercer, complementariamente, actividades de carácter industrial, comercial, profesional, ou de servizos e destinar os seus bens e recursos aos mesmos obxectivos deportivos, pero en ningún caso poderán repartir beneficios entre os seus membros.
- c) Non se poderán comprometer gastos de carácter plurianual, nun período de mandato, sen autorización previa da Secretaría Xeral para o Deporte, cando o gasto anual comprometido supere un 10% do presuposto e rebase o período de mandato da presidencia.
- d) A Asemblea Xeral terá que reunirse necesariamente, con carácter ordinario, polo menos, unha vez ao ano en sesión plenaria para os fins da súa competencia.
- e) A convocatoria, que deberá conter a orde do día da reunión, farase pública no taboleiro de anuncios da federación con 10 días de antelación á data de celebración. En todo caso notificarase de forma electrónica e individualmente a cada un dos membros da asemblea, por calquera medio que permita ter constancia da data de recepción da mesma, cunha antelación mínima de 72 horas.
- f) Poderán tratarse en Asemblea Xeral, cando concorran razóns de especial urxencia, asuntos ou propostas que presente a presidencia ou a Xunta Directiva ata o mesmo día da sesión.
- g) A Asemblea Xeral quedará validamente constituída cando concorran na primeira convocatoria a metade máis un dos seus membros, e na segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, calquera que sexa o número de asistentes.
- h) As reunións da Asemblea Xeral, tanto en sesión ordinaria como extraordinaria, poderán rexistrarse en soporte apto para a gravación e reprodución de imaxe e/ou son, tanto as de carácter presencial como telemáticas.

As demais reunións terán carácter extraordinario e poderán ser convocadas a iniciativa da presidencia, Comisión Delegada por maioría, o por un número de membros da asemblea que non sexa inferior ó 25%.

En todo caso, haberán de ter carácter extraordinario aquelas Asembleas nas que no orde do día figuren a toma de acordos sobre todos ó algúns dos extremos comprendidos nos



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



números 5 e 7 a 16, ambos inclusive, dos numerados no artigo anterior, ou naqueles outros supostos que así o estableceran os presentes Estatutos.

Artigo 20. A Comisión Delegada estará integrada por 9 membros máis a presidencia. Deberá gardarse a seguinte proporción:

1. Un terzo (3 membros) debe ser designado polo titular da presidencia da federación. Serán designados/as no prazo de 10 días hábiles seguintes a súa toma de posesión.
2. Un terzo (3 membros) debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e entre os mesmos.
3. Un terzo (3 membros) corresponderá aos demais estamentos, elixíndose esta representación por e de entre os membros de cada estamento en proporción á súa respectiva representación na asemblea xeral.

Artigo 21. Serán facultades da Comisión Delegada:

- 1) A modificación do calendario deportivo.
- 2) A elaboración dun informe previo á aprobación dos presupostos.
- 3) A modificación dos presupostos.
- 4) A modificación de Regulamentos.
- 5) O seguimento da xestión tanto deportiva como económica da FGM, elaborando un informe anual para a Asemblea Xeral sobre a memoria anual de actividades e a liquidación do presuposto.
- 6) Calquera outras que se establezan.

Artigo 22. A proposta sobre os temas a tratar, incluídos nos apartados 1, 3 e 4 do anterior artigo, corresponde á presidencia da federación ou a dous terzos dos membros da propia Comisión Delegada. As modificacións non poderán exceder dos límites e criterios fixados, no seu caso, pola Asemblea Xeral.

Artigo 23. A Comisión Delegada reunirse, como mínimo, unha vez cada catro meses, a proposta da presidencia e o seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral.

As reunións da Comisión Delegada rexistraranse en soporte apto para a gravación e reprodución do son, tanto as de carácter presencial como telemáticas.

Como norma xeral, a entrada en vigor dos regulamentos aprobados pola Comisión Delegada será ao día seguinte da súa aprobación, salvo que se especifique o contrario.

CAPÍTULO II: A PRESIDENCIA

Artigo 24. A presidencia é o órgano executivo da FGM e terá as seguintes funcións e atribucións:

- 1) Ostentar a representación legal da FGM.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 - VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



- 2) Convocar e presidir os órganos de goberno e representación da FGM, con voto de calidade en caso de empate na adopción de acordos, e executar os mesmos.
- 3) Impulsar e coordinar a actuación dos distintos órganos federativos.
- 4) Ordenar pagos a nome da Federación asinando coa Xerencia e/ou Secretaría Xeral ou persoa expresamente designada pola Presidencia para substituírlles.
- 5) Coidar de que os órganos federativos axusten a súa actuación ao disposto nestes Estatutos e nos Regulamentos que os desenvolvan.
- 6) Conferir poderes especiais ou xenerais.
- 7) Convocar a Asemblea Xeral, a súa Comisión Delegada, a Xunta Directivas, e os demais órganos complementarios, que presidirá.
- 8) Designar e cesar as persoas titulares da Secretaría Xeral, Tesourería e Dirección Técnica.
- 9) Designar e cesar aos membros da Xunta Directiva e a presidencia dos demais órganos non electivos da FGM.
- 10) Propoñer á Comisión delegada da Asemblea Xeral:
 - a) A modificación do calendario deportivo.
 - b) A modificación dos orzamentos.
 - c) A modificación dos Regulamentos.
- 11) Ademais todas aquelas atribucións conferidas por todos os órganos superiores de goberno, as que se deriven dos presentes Estatutos e as leis e, en xeral, tódalas aquelas que non estean atribuídas expresamente a outros órganos da FGM.

Artigo 25. En caso de ausencia ou por incapacidade temporal da persoa titular da presidencia será substituído substituída pola persoa titular da vicepresidencia ou pola persoa titular doutra vogalía de maior idade.

Artigo 26. O desempeño da presidencia da FGM será causa de incompatibilidade para ocupar cargos directivos en clubs deportivos propios da mesma Federación e non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura da FGM.

O cargo da Presidencia da FGM poderá ser retribuído, sempre que tal acordo, así como a contía de remuneración, sexan aprobados pola maioría simple da Asemblea Xeral e a partida orzamentaria para tal fin non proveña da subvención ordinaria anual da Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 27. A persoa titular da presidencia poderá estar en posesión da licenza federativa e poderá participar como deportista, árbitro/a e técnico/a en todas as probas e actividades.

Artigo 28. As persoas candidatas á presidencia deberán avalar na presentación da súa candidatura, mediante a sinatura de, polo menos, o 10% dos membros da Asemblea Xeral.

Artigo 29. Será elixida para a presidencia a persoa candidata que obteña a maioría absoluta dos votos dos membros presentes. No caso de que ningún/ha candidato/a alcance esta maioría, procederase a unha segunda votación entre as dúas persoas candidatas máis votadas, resultando elixido/a ó/á que obteña a maioría dos votos.



Artigo 30. A presidencia gozará de voto de calidade en caso de empate naquelas decisións a adoptar polos órganos que preside.

CAPITULO III: A XUNTA DIRECTIVA

Artigo 31. A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión da FGM.

Artigo 32. A Xunta Directiva estará composta por:

- 1) A presidencia da FGM.
- 2) As vicepresidencias.
- 3) As vogalías.
- 4) Ademais formarán parte da Xunta Directiva, caso de non ser cargos remunerados:
 - A secretaría xeral.
 - A Tesourería.
 - A dirección técnica.

A Xunta Directiva non poderá exceder dun total de 18 membros.

Artigo 33. O nomeamento ou a renovación dos membros dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios, e dos comités que puidesen crearse dentro da FGM deberán ser comunicados a todos os membros da Asemblea Xeral e á Secretaría Xeral para o Deporte nun prazo máximo de 15 días a partir da data de nomeamento.

Artigo 34. Os cargos da Xunta Directiva exerceranse a título gratuito, a excepción do previsto para a Presidencia, a Secretaría Xeral, a Tesourería e a Dirección Técnica nos artigos 26, 41, 43 e 46.

Artigo 35° A Xunta Directiva reunirse en sesión ordinaria, polo menos, unha vez ao mes.

A Convocatoria faraa a presidencia, notificando aos seus membros, por calquera medio que asegure a súa recepción, polo menos, cunha antelación de 48 horas, acompañando a orde do día.

As sesións convocadas con carácter urxente serán sempre extraordinarias.

Corresponde á Xunta Directiva da FGM as seguintes competencias:

1. Preparar os relatorios e documentos que sirvan de base á Comisión Delegada da Asemblea para que a mesma exerza as funcións que lle corresponde.
2. Preparar os relatorios e documentos que sirvan de base á Asemblea Xeral para que a mesma exerza as funcións que lle corresponden.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



3. Preparar os relatorios e documentos á Comisión Delegada para a aprobación dos Regulamentos da FGM.
4. A proposta de traslado do domicilio da FGM, conforme ao disposto no artigo 6 dos presentes estatutos.
5. Encargarse da organización do equipamento, transporte e aloxamento dos compoñentes das distintas seleccións galegas dos deportes de montaña.
6. A elaboración do proxecto de orzamento da FGM, para a súa presentación á Asemblea Xeral.
7. Colaborar coa presidencia na dirección económica, administrativa e deportiva da FGM e na execución dos acordos dos demais órganos colexiados superiores de goberno e representación da mesma.
8. Estudar as propostas recibidas por parte dos membros da Asemblea Xeral que se teñan que someter á mesma.
9. Aprobar os textos das bases de competicións específicas.
10. Aprobar as sedes de celebración dos Campionatos de Galicia.
11. Regular a concesión de distincións, honores e recoñecementos.

Artigo 36. A validez das reunións. da Xunta Directiva requirirá que concorran, en primeira convocatoria, a maioría dos seus membros e, en segunda, transcorrida media hora da primeira, será válida calquera que sexa o número dos seus asistentes, sempre que fosen un mínimo de tres.

Artigo 37. Os membros da Xunta Directiva poderán estar en posesión da licenza federativa e podarán participar como deportistas, árbitros/as e/ou técnicos/as en todas as probas e actividades.

Artigo 38. Os órganos federativos poderán convocar igualmente os cargos remunerados, se os houberse, presidencias de comités e asesores/as, que requiran en cada caso, para recadar o seu informe sobre cuestións que crean oportunas.

Os cargos remunerados, presidentes/as de comités e asesores/as, actuarán nas reunións ás que fosen convocados/as, con voz pero sen voto.

Artigo 39. Réxime de responsabilidade da presidencia e membros da Xunta Directiva:

- 1) A persoa titular da presidencia, membros da Xunta Directiva ou dos órganos de dirección que puidesen estatutariamente establecerse serán persoalmente responsables, fronte á propia federación, fronte aos seus membros ou terceiros;
 - a. Das abrigas que contraese a federación e que non teñan, ou tivesen, o adecuado apoio contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflecta a natureza e o alcance da obriga en cuestión, e que distorza a imaxe fiel que debe producir aquela.
 - b. Das obrigas que contraese contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos límites da autorización.



- c. En xeral, dos actos ou omisións que supoñan un prexuízo para a federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.
- 1) A responsabilidade descrita na liña anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo ou non interviñesen na súa adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou, coñecendo, se opuxesen expresamente a aquel.
 - 2) A responsabilidade regulada no presente artigo é independente da responsabilidade disciplinaria na que se puidese incorrer, e que se esixirá conforme ás disposicións xerais da Lei do deporte de Galicia 3/2012.

CAPÍTULO IV: A SECRETARÍA XERAL

Artigo 40. A secretaría xeral desempeña funcións de fedataria e coordinadora das tarefas administrativas, asistindo permanentemente a todos os órganos de goberno e representación da FGM, actuando como secretaría dos mesmos. Igualmente poderá asistir aos órganos técnicos, e en tal caso actuará tamén como secretaría de tales órganos.

Artigo 41. O cargo da secretaría xeral poderá ser remunerado, tendo, neste caso, a consideración de persoal laboral ao servizo da FGM, con aplicación ao disposto no Estatuto dos Traballadores e demais normativa social vixente.

Neste suposto, a persoa titular da Secretaría Xeral deixará de pertencer automaticamente á Xunta Directiva, pasando a constituírse como órgano técnico e, como tal, asistirá ás reunións dos órganos de representación e goberno con voz e sen voto.

Artigo 42. As competencias da Secretaría Xeral serán as seguintes:

- 1) Ostenta, por delegación da Presidencia da FGM, a xefatura do persoal laboral ao seu servizo.
- 2) Coordina a actuación dos diversos órganos da FGM.
- 3) Prepara a resolución e despacho de todos os asuntos.
- 4) Prepara as reunións dos órganos de goberno, levanta actas das reunións e é responsable do mantemento e custodia dos libros de actas, expedindo as oportunas certificacións dos acordos, co visto e prace da Presidencia.
- 5) Recibe e expide a correspondencia da FGM na súa sede social, levando, un rexistro de entrada e saída da mesma.
- 6) Organiza, mantén e custodia os arquivos da FGM.
- 7) Prepara a memoria anual da FGM para a súa presentación á Comisión Delegada e a Asemblea Xeral.
- 8) Remite á Secretaría Xeral para o Deporte as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, nun prazo de 15 días dende a data da súa celebración.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



- 9) O control e a fiscalización interna da xestión económica-financeira é orzamentaria, así como a de contabilidade e tesourería, no caso de non existir a figura do/a tesoureiro/a.

CAPÍTULO V: A TESOURERÍA

Artigo 43. A tesourería é o órgano de administración da FGM ao cal lle están encomendados, en xeral, os asuntos de contido económico.

O cargo da persoa titular de tesourería poderá ser remunerado, tendo neste caso, a consideración de persoal laboral ó servizo da FGM, con aplicación ao disposto no Estatuto dos Traballadores e demais normativa social vixente.

Neste suposto, a persoa titular da tesourería deixará de pertencer automaticamente á Xunta Directiva pasando a constituírse como órgano técnico e, como tal, asistirá ás reunións dos órganos de representación e goberno con voz pero sen voto.

Artigo 44. A tesourería:

- 1) Coidará das operacións de cobros e pagos.
- 2) Autorizará coa súa sinatura, mancomunada coa da presidencia ou a da persoa designada ao efecto pola Xunta Directiva, todos os documentos de movementos de fondos.
- 3) Será responsable do mantemento dos libros de contabilidade, arquivo dos documentos contables e todo o concernente con ese departamento.
- 4) Formulará os balances que periodicamente se teñan que presentar á Xunta Directiva, á Comisión Delegada, á Asemblea Xeral e aos organismos e institucións que teñan facultade de solicitalos.
- 5) Controlará os gastos dos Comités Técnicos, a tales efectos deberá coñecer das reunións cos asistentes ás mesmas.

CAPÍTULO VI: A DIRECCIÓN TÉCNICA

Artigo 45. A dirección técnica da FGM desempeñará as funcións de asesoramento, representación e executivas que lle asigne a presidencia da FGM.

Artigo 46. O cargo da dirección técnica poderá ser remunerado tendo, neste caso, a consideración de persoal laboral ó servizo da FGM, sendo de aplicación os parágrafos segundo e terceiro do artigo 43.

Artigo 47. As competencias e cometidos asignados á dirección técnica serán fundamentalmente a coordinación, control e supervisión no seu conxunto das áreas técnicas que se lle asignen.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



Preparará as reunións dos órganos técnicos, e remitirá as actas das mesmas á tesourería a efectos contables e económicos.

Estanlle encomendados os seguintes comités técnicos:

- a) EGAM (Escola Galega de Alta Montaña).
- b) Comité de Escalada Deportiva e de Competición.
- c) Comité de Xuíces/zas e Árbitros/as.
- d) Calquera outro que lles sexa designado posteriormente

CAPÍTULO VII: ASESORES

Artigo 48. Nos órganos federativos existirá un número sen determinar de Asesores. Consideraranse Asesores aquelas persoas que pola súa cualificación e experiencia profesional ou titulación académica poidan aportar coñecementos técnicos necesarios ou útiles para a boa marcha da FGM. Así poderán existir:

- a) Asesoría Médica.
- b) Asesoría de Seguridade e Salvamento en Montaña.
- c) Asesoría Xurídica.
- d) Asesoría de Comunicación.
- e) Asesoría de medio ambiente.

Existirá un responsable da asesoría correspondente e un grupo de colaboradores que este estime oportuno.

Dependendo da importancia e estrutura que de acordo co seu cometido adquiran as Asesorías, estas poderán adquirir, por acordo da Xunta Directiva, rango de Comité Técnico, sen que por elo supoña a modificación de Estatutos.

TITULO V

INTEGRACIÓN DOS CLUBS E SECCIÓNS DEPORTIVAS

Artigo 49. A FGM está estruturada en clubs e seccións deportivas.

Artigo 50. Para que os membros dos clubs e seccións deportivas previstas no artigo 50 da Lei 3/2012, poidan participar en competicións e actividades deportivas de ámbito territorial, estatal ou internacional e poidan acceder a calquera outro dereito recoñecido ós/ás federados/as neste deporte, deberán, ditos clubs e asociacións e seccións integrarse a petición propia no seo da FGM.

Artigo 51. A integración dos clubs e seccións deportivas solicitarase á FGM, liberándose para isto, por persoa con facultades suficientes, certificación do acordo polo que se



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



expresa a vontade inequívoca do club que se trate, de integrarse libre e espontaneamente no seo da FGM.

Artigo 52. A integración suporá a aceptación incondicional por parte dos clubs e seccións deportivas das normas contidas nos presentes Estatutos, así como os emanados da Administración deportiva autonómica e será necesaria a adaptación dos seus propios estatutos á presente norma e demais concordantes.

Artigo 53. Os clubs e seccións deportivas integradas na FGM conservarán a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio propio e diferenciado e o seu presuposto e réxime xurídico particular.

Artigo 54. A súa representación ante a FGM virá asegurada a través da presidencia de cada Club, ou persoa na que poida delegarse a mesma.

Artigo 55. A hora de determinar os representantes que haberán de formar parte da Asemblea Xeral da FGM, por cada estamento, aplicarase un criterio de estrita proporcionalidade.

Artigo 56. En competicións oficiais de ámbito territorial, a potestade disciplinaria deportiva sobre os/as federados/as, con independencia do Club ao que estean adscritos/as, exercerase de acordo co que dispoña o Regulamento Disciplinario da FGM.

TITULO VI

ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Artigo 57. A FGM poderá establecer delegacións territoriais naquelas comarcas que o estime oportuno, sempre que se cumpran os criterios establecidos pola Asemblea Xeral.

TÍTULO VII

DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA FEDERACIÓN.

CAPITULO I: DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 58. As persoas que forman parte dos órganos federativos terán dereito a:



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



- a) Participar nas deliberacións, expresando as súas opinións.
- b) Exercer o seu dereito de votar, razoando o seu voto en caso de que emitan voto particular nalgunha cuestión.
- c) Desempeñar as súas funcións en canto membros do órgano ó que pertencen.

Artigo 59. Os deberes destes mesmos membros serán:

- a) Acudir ás sesións dos órganos ós que pertencen.
- b) Emitir o seu voto nas cuestións debatidas.
- c) Dedicarse con dilixencia aos labores que lles foran encomendadas.
- d) Gardar segredo naqueles asuntos que así o requiran.
- e) Os demais que se establezan legal ou regulamentariamente.

CAPITULO II: DEREITOS E DEBERES DOS FEDERADOS

Artigo 60. Todas as persoas federadas da FGM, terán os dereitos e obrigas que os presentes estatutos e ordenamento xurídico lles recoñeza ou impoña.

Artigo 61. A FGM non establecerá nin promoverá ningún tipo de discriminación entre os seus membros por razón de nacemento, raza, sexo, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Artigo 62. Con carácter xeral, todas as persoas federadas teñen o dereito a recibir a tutela da FGM respecto aos seus intereses deportivos lexítimos, así como o de participar nas actividades e no seu funcionamento, a través dos medios e canles establecidos.

Igualmente poderán participar na súa xestión, sendo electores/as elixibles para os seus órganos de goberno, con arranxo ao disposto nas normas electorais vixentes en cada momento.

Artigo 63. Polo que se refire ás obrigas dos federados, como primeira delas e requisito indispensable para selo, será necesario estar en posesión da licenza deportiva, e por tanto, ao corrente de pago das cotas establecidas, así como ter en vigor o seguro obrigatorio.

Dita expedición, será tramitada tras a súa solicitude polo/a interesado/a, a través dos clubs federados, e tras o abono das taxas correspondentes. A perda de condición de federado, será por inhabilitación segundo a Regulamento de Disciplina da FGM.

Serán tamén obrigas das persoas federadas a aceptación e cumprimento dos estatutos da FGM e o sometemento á autoridade dos órganos federativos, en relación coas materias da súa competencia, sen prexuízo do dereito a impugnar ou recorrer as súas decisións ante as instancias federativas correspondentes, acudindo incluso ante a xurisdición competente.

Artigo 64. A condición de federado/a pode perderse polas seguintes causas:



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



- a) Pola disolución ou baixa no rexistro deportivo da Xunta de Galicia da entidade deportiva.
- b) Renuncia voluntaria.
- c) Por sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique a baixa.
- d) Por extinción, cancelación ou anulación da licenza federativa e por non estar ó corrente do pago da correspondente tramitación da licenza federativa.

TÍTULO VIII

RESPONSABILIDADE DOS TITULARES E MEMBROS DOS ÓRGANOS FEDERATIVOS

Artigo 65. Independentemente das responsabilidades penais, civís e administrativas que, de forma xeral, consagra o ordenamento xurídico, os membros dos diferentes órganos da FGM son responsables, especificamente, dos actos, resolucións, ou acordos adoptados por aqueles dos que formen parte.

Son así mesmo responsables, nos termos previstos na lexislación deportiva xeral, nos presentes Estatutos e disposicións de desenvolvemento, polo incumprimento dos acordos de calquera órgano federativo, normas xerais, ou comisión das faltas previstas no réxime disciplinario federativo.

Artigo 66. Estará exento de responsabilidade por adopción de acordos dos órganos colexiados da FGM quen salvase expresamente o seu voto ou se abstivese motivadamente.

Artigo 67. Sen prexuízo do anterior, a responsabilidade poderá ser esixida, por quen entenda que os seus dereitos foron lesionados ou se lle causou dano indemnizable, ante os órganos deportivos competentes, ou ben ante a xurisdición que corresponda, por aqueles actos ou omisións que sexan susceptibles disto.

TITULO IX

ELECCIÓN E CESE DOS TITULARES DOS ÓRGANOS FEDERATIVOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

MOCIÓN DE CÉNSURA Á PRESIDENCIA DA FGM

CAPITULO I: ELECCIÓN E CESE

Asemblea Xeral:



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



Artigo 68. As persoas integrantes da Asemblea Xeral serán elixidas cada catro anos, coincidindo cos anos nos que se celebren os Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre e secreto, igual e directo entre e polos compoñentes de cada estamento federativo.

Artigo 69. O proceso da elección da Asemblea Xeral, o seu número, composición, requisitos para ser electores e elixibles e demais circunstancias, rexeranse polas normas vixentes, e en particular, polo disposto no Regulamento electoral desta federación.

Artigo 70. Os/as membros/as da Asemblea Xeral cesarán por:

- 1) Pasamento.
- 2) Dimisión.
- 3) Perda da condición pola que foron elixidos/as.
- 4) Anulación do proceso electoral por resolución xudicial ou administrativa firme.

Presidencia da FGM:

Artigo 71. A Presidencia da FGM é elixida cada catro anos, coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno, polos membros da Asemblea Xeral, que terá carácter extraordinario, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto. As persoas candidatas á presidencia non teñen por que ser membros/as da Asemblea Xeral da federación, nin estar afiliadas á FGM.

Artigo 72. A elección da presidencia axustarase ao establecido nas normas vixentes e, en particular ó disposto polo Regulamento electoral desta federación. Para a súa elección non será válido o voto por correo.

Artigo 73. A persoa titular da presidencia da FGM cesará por calquera dos motivos seguintes:

- 1) Pasamento.
- 2) Transcurso do período polo que foi elixido.
- 3) Dimisión.
- 4) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- 5) Incorrer nalgunha causa de incompatibilidade establecida na lexislación vixente ou nos presentes Estatutos, sempre que non renuncie á actividade ou cargo incompatible.
- 6) Por atoparse incurso nalgunha causa de inelixibilidade.
- 7) Anulación do proceso electoral por resolución xudicial ou administrativa firme.

Artigo 74. Quedando vacante a presidencia da FGM por calquera das causas previstas, a Xunta Directiva procederá, de inmediato a constituírse en Comisión Xestora, presidida por unha das Vicepresidencias, a cal convocará á Asemblea Xeral para celebrar eleccións



á presidencia, con arranxo ao previsto no Regulamento de eleccións, nun prazo máximo de tres meses, co fin de cubrir dita vacante.

Xunta Directiva:

Artigo 75. As persoas que forman parte da Xunta Directiva serán designadas e revocadas libremente pola presidencia da FGM.

Artigo 76. As persoas que forman parte da Xunta Directiva cesarán en todo caso por:

- 1) Pasamento.
- 2) Dimisión.
- 3) Revogación do nomeamento.
- 4) Incorrer nalgunha causa de incompatibilidade establecida na lexislación vixente ou nos presentes Estatutos, sempre que non renuncien á actividade ou cargo incompatibles.
- 5) Anulación do proceso electoral por resolución xudicial ou administrativa firme.

A secretaría xeral:

Artigo 77. A secretaría xeral será de libre designación e revogación pola presidencia da FGM.

Artigo 78. O seu cese axustarase ó establecido con carácter xeral para os membros da Xunta Directiva.

Artigo 79. Se o seu cargo fose remunerado, as circunstancias da súa contratación e cese axustaranse ó previsto na lexislación vixente con arranxo á natureza da súa relación laboral.

A Tesourería e a dirección técnica:

Artigo 80. Para a designación e cese da tesourería e da dirección técnica, serán de aplicación as mesmas normas que para a secretaría xeral.

Presidencias de comités/comisións e asesores/as:

Artigo 81. As persoas titulares das presidencias de comités/comisións serán designadas e revogadas pola presidencia da FGM. Os regulamentos internos de ditos comités/comisións deberán ter sido aprobados pola Xunta Directiva, Comisión Delegada e/ou Asemblea Xeral segundo proceda.

Así mesmo, os/as asesores/as serán designados e revogados/as libremente pola presidencia da FGM.

Artigo 82. En todo caso, o seu cese producirase por:



- 1) Pasamento.
- 2) Dimisión.
- 3) Revogación do nomeamento.
- 4) Anulación do proceso electoral por resolución xudicial ou administrativa firme.

CAPITULO II: MOCIÓN DE CENSURA Á PRESIDENCIA DA FGM

Artigo 83. A moción de censura á presidencia deberá proporse por un terzo, ó menos, dos/as membros/as da Asemblea Xeral.

Non poderá presentarse durante os seis primeiros meses de mandato, nin cando resten entre seis meses e un ano ata a data a partir da cal poida realizarse a convocatoria de eleccións.

Artigo 84. A moción de censura será presentada, por escrito dirixido á xunta electoral federativa, de forma razoada, motivada, e sempre será de forma construtiva.

Cando a xunta electoral acorde a admisión a trámite da moción de censura, para o que disporá de dous días hábiles, a presidencia nun prazo non superior a corenta e oito horas deberá convocar con carácter extraordinario á Asemblea Xeral en pleno para celebrar reunión nun prazo non inferior a quince días nin superior a trinta dende a convocatoria, tratándose dita cuestión como único punto da orde do día.

Artigo 85. Se a presidencia non convocase á Asemblea Xeral, a convocatoria poderá ser acordada pola Administración deportiva autonómica, naqueles casos contemplados no artigo 57 da Lei 3/2012, do 2 abril, do Deporte de Galicia.

Artigo 86. Unha vez convocada a Asemblea Extraordinaria para o debate e votación da moción de censura, e dentro dos dez primeiros días seguintes a esa convocatoria, poderán presentarse mocións alternativas. En ningún caso a moción de censura alternativa poderá ser subscrita por quen promovese a inicial.

A asemblea constituirase validamente a estes efectos cando concorran tres cuartas partes dos seus membros en primeira convocatoria, ou a metade máis ún deles en segunda convocatoria.

A sesión na que se debata moción de censura será presidida, con carácter extraordinario polo membro de maior idade.

A sesión comezará expoñendo os motivos da moción; tralo cal se dará a palabra á presidencia para que expoña o que ó seu dereito conveña.

Para concluír, procederase a votación, que deberá ser secreta, seguindo o mesmo sistema que o previsto para a elección da presidencia. En ningún caso se admitirá para a moción de censura o voto por correo.



Artigo 87. Para que prospere dita moción será necesaria a súa aprobación por maioría absoluta de votos das persoas membros da asemblea xeral. De obterse tal maioría, a persoa titular da presidencia cesará nas súas funcións, abríndose proceso electoral para a elección da presidencia, con arranxo ao disposto no Regulamento electoral.

Artigo 88. Caso de non prosperar, as persoas signatarias non poderán presentar unha nova moción ata transcorrido un ano da votación e rexeitamento da anterior.

Artigo 89. Con relación ao tempo que quede vacante a presidencia estará disposto no artigo 74 dos presentes estatutos.

Informarase a través da páxina web da federación da presentación da moción de censura e da data da convocatoria da asemblea xeral, así como do resultado.

As decisións que adopten os órganos federativos en relación coa presentación, admisión, tramitación e votación de mocións de censura, ou de mocións alternativas, poderán recorrerse ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco días hábiles.

TÍTULO X

RÉXIME DE FUNCIONAMENTO XERAL E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 90. A convocatoria dos órganos superiores colexiados de representación e goberno da FGM, corresponde a súa presidencia, que é a da FGM, e deberá ser notificada aos seus membros, acompañada da orde do día, co prazo de antelación de, cando menos, 72 horas, salvo o disposto para a Xunta Directiva no artigo 35 destes estatutos ou cando existan razóns probadas de urxencia. Neste último suposto, a convocatoria deberá facerse cunha antelación non inferior a 24 horas.

Artigo 91. Non obstante o establecido no artigo anterior, será válida a constitución dos citados órganos, incluída a Xunta Directiva, inda que non se cumprisen os requisitos anteriores de convocatoria, sempre que se encontren presentes todos os seus membros e así o acorden unanimemente, fixando, previamente á sesión, a orde do día a tratar.

Artigo 92. Salvo para os casos nos que se estableza de forma expresa outra cousa, para a válida constitución dos órganos colexiados de goberno e representación será necesaria a concurrencia, en primeira convocatoria, da metade máis un dos membros do mencionado órgano, sendo válida a reunión, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asistentes sempre que non sexa inferior a tres.

Entre a primeira e segunda convocatoria, requirirase, como regra xeral, o transcurso de quince minutos, tanto para as xuntanzas de carácter presencial como telemático.



Artigo 93. Os acordos dos órganos superiores colexiados de goberno e representación da FGM adoptaranse por maioría simple de concorrentes, salvo naqueles casos en que nestes estatutos ou na lexislación vixente se establecese outra cousa.

Artigo 94. Aos efectos anteriores, existirá maioría simple cando voten favorablemente a metade máis un dos concorrentes nas reunións que, polo seu quórum, quedasen validamente constituídas.

A maioría absoluta será a representada polos votos da metade máis un do número total de membros que legal, estatutaria ou regulamentariamente compoñan o órgano de que se trate.

Artigo 95. De todos os acordos dos órganos superiores colexiados de goberno e representación da FGM, levantarase acta pola secretaría xeral da mesma, especificando o nome dos que interviñesen, e as demais circunstancias que se consideren oportunas, así como o resultado das votacións e, no seu caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.

Artigo 96. Con carácter xeral e salvo que expresamente se estableza outra cousa, non se admitirá o voto por correo.

Artigo 97. Todos os acordos dos órganos superiores colexiados de representación e goberno da FGM, serán públicos, a través do taboleiro de anuncios da FGM e mediante correo electrónico remitido a todos os membros da Asemblea salvo cando, por motivos xustificadas e con carácter excepcional, se acorde o contrario por maioría de dous terzos dos seus membros, e existirá un réxime de impugnación aplicable os mesmos.

TÍTULO XI

RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 98. A FGM, que conta con patrimonio propio e presuposto, adaptará a súa contabilidade ás normas previstas para adaptación do Plan Xeral Contable das Federacións Deportivas. A federación ten orzamento e patrimonio propios e deberá someter a súa contabilidade e o seu estado económico ou financeiro ás prescricións legais.

Artigo 99. O peche do exercicio económico anual da federación será o 31 de decembro.

A Xunta Directiva formulará as contas anuais, que deberán ser aprobadas, no prazo máximo de seis meses desde o peche do exercicio, pola asemblea xeral. Coas contas anuais, deberá someterse tamén á aprobación da asemblea unha memoria descritiva das actividades realizadas durante o exercicio económico.



Aprobadas as contas, presentaranse coa memoria descritiva das actividades realizadas durante o exercicio económico, no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia para a súa inscrición no mes seguinte á súa aprobación.

As contas anuais presentaranse asinadas por todos os membros da Xunta Directiva.

Artigo 100. Durante o último trimestre do exercicio económico deberá aprobarse en asemblea o orzamento correspondente ao seguinte exercicio. Devandito orzamento debe ser equilibrado e non deficitario.

Artigo 101. Constitúen os recursos da FGM:

- 1) As subvencións da Xunta de Galicia, e outros que puidesen recibirse da FEDME, así como se é o caso doutros organismos públicos ou privados.
- 2) Os bens e dereitos que integran o patrimonio da FGM, recibidos por herdanza, legado ou doazón en concepto de premio.
- 3) As cotas dos afiliados.
- 4) Os procedentes de sancións pecuniarias, que en uso da súa potestade disciplinaria lles sexan impostas ós seus afiliados.
- 5) Os froitos e intereses dos seus bens patrimoniais.
- 6) Os préstamos e créditos que lles sexan concedidos.
- 7) Os ingresos que puideran obter pala organización de actos e competicións deportivas ou por contratos que realice.
- 8) Os dereitos de inscrición e demais recursos que procedan das competicións ou actividades organizadas pola federación.
- 9) Calquera outro recurso que sexa capaz de xerar, de acordo coa normativa vixente, como todos aqueles que se lles atribúa por disposición legal ou convenio.

Artigo 102. A FGM destinará a totalidade dos seus ingresos e do seu patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto. Evidentemente non poderán repartirse beneficios entre os seus membros. Será necesaria a autorización da Administración autonómica para a venda ou gravame dos bens inmoables, se a súa titularidade corresponde á federación e que fosen financiados en todo ou en parte, con fondos públicos.

Así mesmo, requirirase igual autorización, cando a federación pretenda comprometer gastos de carácter plurianual ou cando a natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación co seu presuposto, vulneren os criterios que regulamentariamente se determinen. Esta autorización poderase consignar nos contratos programa que se poidan asinar entre FGM e a Administración deportiva autonómica.



TÍTULO XII

RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 103. A custodia e mantemento da documentación e arquivos da FGM corresponderalle á secretaría xeral, así como a expedición de certificacións e acordos que procedan á Administración autonómica deportiva.

Artigo 104. A FGM ademais de todos aqueles rexistros ou libros que, dada a súa natureza e actividade deba levar necesariamente por imperativo da normativa laboral ou fiscal, levará os seguintes:

- a) Rexistro de correspondencia oficial de entrada e saída.
- b) Rexistro ou censo actualizado de clubs e asociacións deportivas, no que constarán as súas denominacións, domicilios, datos persoais dos compoñentes dos órganos de representación e goberno, e datas de toma de posesión dos seus cargos e cese dos mesmos.
- c) Rexistro ou censo actualizado de deportistas coa mención dos seus nomes, números de DNI, idade, club ao que pertencen, categoría (maior, xuvenil, infantil), anos de afiliación, nacionalidade e demais que se consideren necesarios.
- d) Libros de actas das reunións dos órganos superiores colexiados de representación e goberno da FGM.
- e) Libros oficiais de contabilidade.
- f) Calquera outro que se determine legal ou regulamentariamente.

Artigo 105. Os anteriores rexistros documentais podarán levarse en soporte informático, salvo prohibición legal ou regulamentaria.

Artigo 106. A publicidade dos libros e rexistros que teñan tal carácter, poderán levarse a cabo mediante certificación liberada pola secretaría xeral, relativo aos puntos concretos que se soliciten.

Artigo 107. A exhibición directa dos libros e rexistros das persoas afiliadas á FGM deberá solicitarse mediante escrito motivado, e será acordado pola Xunta Directiva, debendo realizarse, en calquera caso, nos locais da FGM, baixo a custodia e presenza da secretaría xeral, na data e hora que se estableza.

Artigo 108. Os rexistros de libros e documentos estarán a disposición, en todo caso, da Secretaría Xeral para o Deporte, para o seu exame e supervisión.



TÍTULO XIII

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 109. A potestade disciplinaria da FGM, dentro do seu ámbito territorial, ampararase polo disposto nos artigos 97 e seguintes da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento e supletoriamente pola normativa estatal na materia.

CAPÍTULO I: INFRACCIÓNS E SANCIÓN DISCIPLINARIAS

Artigo 110. Son faltas disciplinarias as infraccións das regras do xogo ou competición e as infraccións das normas xerais de conduta deportiva tipificadas nestes estatutos e na lei do deporte.

Artigo 111. Natureza e clasificación das infraccións.

- 1) As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. As sancións correspondentes aplicaranse en función da clasificación das infraccións.
- 2) Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:
 - a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión o resultado dunha proba, encontro ou competición.
 - b) Os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos/as deportistas ou técnicos/as, cando se dirixan ao árbitro/a, aos xurados, a outros deportistas, técnicos/as ou ao público.
 - c) Os quebrantamentos de sancións impostas.
 - d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas de cada deporte cando poidan alterar a seguridade da proba, encontro ou competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.
 - e) Non executar ou desobedecer as resolucións no ámbito disciplinario do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
 - f) A inasistencia sen xusta causa dos/as deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.
 - g) A aliñación indebida e/ou non comparecer ou retirarse inxustificadamente das probas, encontros ou competicións.
 - h) A reincidencia na comisión de faltas graves. Enténdese que hai reincidencia na comisión cando se sancione mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no período dun ano.
 - i) Da infracción á que se refire a letra e) poderá ser responsable a presidencia da federación, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



3) Consideraranse infraccións graves as seguintes:

- a) A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requirida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- b) O incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.
- c) Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e decoro propios da actividade deportiva.
- d) A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano.

Das infraccións ás que se retiren as letras a) e b) poderá ser responsable a presidencia da federación, sen prexuízos das responsabilidades en que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

4) Consideraranse infraccións leves as seguintes:

- a) As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.
- b) A incorrección co público, compañeiros/as e subordinados/as.
- c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces/zas, árbitros/as, técnicos/as e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

Artigo 112. Sancións.

1) Pola comisión de faltas moi graves imponse as seguintes sancións:

- a) Multa en contra non superior a 1500 euros.
- b) Perda de puntos ou postos de clasificación.
- c) Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha tempada.
- d) Suspensión ou privación da licenza federativa ou, no seu caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou da habilitación para ocupar cargos nunha federación deportiva por un prazo máximo de cinco anos.
- e) Privación da licenza federativa, cancelación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia ou privación da habilitación para ocupar cargos na federación deportiva a perpetuidade. Esta sanción unicamente poderá acordarse, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.
- f) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan cometidas polos/as directivos/as.
- g) Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



- 2) Pola comisión de faltas graves imponse as seguintes sancións:
 - a) Amoestación pública.
 - b) Multa en contía non superior a 1000 euros.
 - c) Clausura do recinto deportivo ata un máximo de catro encontros ou tres meses.
 - d) Suspensión ou privación da licenza federativa e/ou, se é o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos.

- 3) Pola comisión de faltas leves imponse as seguintes sancións:
 - a) Apercibimento.
 - b) Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou dun a tres encontros ou probas.

- 4) As multas soamente poderán imponse as entidades deportivas e aos/ás que sexan considerados/as deportistas profesionais ou técnicos/as profesionais conforme á Lei do Deporte de Galicia.

Artigo 113. Principio de proporcionalidade.

Para graduar as sancións teranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a ocorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes. En función das circunstancias previstas, as sancións aplicaranse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. Se é o caso, de concorrer circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista.

Artigo 114. Circunstancias modificativas da responsabilidade:

- 1) Serán consideradas como circunstancias atenuantes o arrepentimento espontáneo e a existencia de provocación, abondo inmediatamente anterior á comisión da infracción.
- 2) Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción respectiva.
- 3) Entenderase producida a reincidencia cando a persoa infractora cometa, polo menos, unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo dun ano.
- 4) Os órganos disciplinarios poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren axeitado, ponderando, en todo caso, a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

Artigo 115. Causas de extinción da responsabilidade.

A responsabilidade disciplinaria extínguese:



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



- 1) Polo cumprimento da sanción
- 2) Polo falecemento da persoa inculpada
- 3) Por disolución da entidade deportiva sancionada.
- 4) Por prescrición das infraccións ou sancións

Artigo 116. Prescrición de infraccións e sancións.

- 1) As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves prescribirán ao ano e, as leves, ao mes.
- 2) O termo de prescrición comeza a contar o día en que se cometeron os feitos e interrómtese no momento en que se acorda iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo continuarase se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable.
- 3) As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescrición comezará a contar dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou dende o momento en que se quebrantase o seu cumprimento, se este xa tivese comezado.

CAPÍTULO II: PROCEDEMENTOS DISCIPLINARIOS DEPORTIVOS

Artigo 117. Procedemento disciplinario:

A imposición de sancións pola comisión das infraccións previstas no capítulo I do presente Título axustarase aos procedementos que se conteñen no presente capítulo.

Artigo 118. Clases de procedementos:

- 1) Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario.
- 2) O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición.
- 3) O procedemento ordinario será de aplicación para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.

Artigo 119. Regras comúns aos procedementos.

- 1) No non previsto no presente Capítulo, serán de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- 2) Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.
- 3) As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, salvo que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



- 4) As actas subscritas polos xuíces/as ou árbitros/as do encontro, proba ou competición constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas.
- 5) As manifestacións do árbitro/a ou xuíz/a plasmadas nas citadas actas presúmense certas, salvo proba en contrario.

Artigo 120. Procedemento abreviado.

As regras ás que debe axustarse o procedemento abreviado son as seguintes:

- 1) **Iniciación:**
 - a) O procedemento abreviado iníciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscrita polo xuíz/a ou árbitro/a e polos/as competidores/as ou polos delegados/as dos clubs.
 - b) No suposto de que os feitos que poidan dar lugar a sanción non estean reflectidos na acta, senón mediante anexo, o procedemento iníciase no momento en que teña entrada na FGM o anexo da acta da actividade ou competición ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuízamento.
 - c) Tamén pode iniciarse a instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da FGM dentro do segundo día hábil seguinte ao día en que se tivese celebrado a proba ou competición.
- 2) **Tramitación e resolución:**
 - a) No prazo de dous días, que se contarán dende a notificación prevista no apartado anterior, as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consignados na acta, o anexo ou a denuncia. Tamén poderán propoñer ou achegar, se é o caso, as probas pertinentes.
 - b) A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.
 - c) O órgano instructor trasladará, no prazo máximo de dous días, que se contarán a partir da presentación de alegacións ou da práctica da proba ou da súa denegación, ao órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan á sanción que se impoña.
 - d) Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se tivese realizado con anterioridade.

A resolución deberase notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que se poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.



Artigo 121. Procedemento Ordinario.

As regras ás que debe axustarse o procedemento ordinario son as seguintes:

1) Iniciación:

- a) O procedemento iniciase por acordo do órgano competente, de oficio ou a instancia da persoa interesada.
- b) O acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberá serlle notificado á persoa interesada.
- c) Serán de aplicación ao instrutor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

2) Tramitación:

- a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou a instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.
- b) O acordo de iniciación notificarase ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar aos feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.
- c) Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada cantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.
- d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución, ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable, e neste caso conterá necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e disposicións que tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede impoñer ben propoñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións.

A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

3) Resolución:



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



- a) Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, elevará o expediente ao órgano competente para resolver.
- b) A resolución do órgano competente pon fin ao procedemento común, e ditarase no prazo máximo de 10 días hábiles.

Artigo 122. Lexitimación para recorrer as sancións.

Están lexitimadas para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición ou actividade.

TÍTULO XIV

CAUSAS DE EXTINCIÓN E DISOLUCIÓN

Artigo 123.- A FGM extinguirase e procederá a súa disolución por calquera das seguintes causas:

- 1) Por revogación do seu recoñecemento por parte das autoridades deportivas da Xunta de Galicia.
- 2) Por acordo da maioría de dous terzos dos membros da Asemblea Xeral, reunida en sesión extraordinaria.
- 3) Por resolución xudicial ou administrativa.
- 4) Por integración ou fusión con outra federación deportiva galega.
- 5) Por calquera outra que estableza o ordenamento xurídico.

Artigo 124. No caso de disolución e extinción da FGM, unha vez liquidado o seu patrimonio, a parte restante, de habela, destinarase aos fins de carácter deportivo que determine a Administración deportiva autonómica.



TITULO XV APROBACIÓN E REFORMA DE ESTATUTOS

CAPÍTULO I: APROBACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 125. A aprobación dos Estatutos da FGM farase por Asemblea Xeral reunida en sesión extraordinaria, que deberá ser convocada para tal fin, expresando este punto na orde do día.

Artigo 126. O proxecto de estatutos a aprobar, no seu caso, será remitido a cada un dos membros da Asemblea, para o seu coñecemento, cunha antelación, polo menos, dunha semana á data para a que fose convocada a reunión.

Artigo 127. A asemblea constituirase validamente a estes efectos cando concorran tres cuartas partes dos seus membros en primeira convocatoria, e dous terzos en segunda.

Artigo 128. Para a aprobación dos estatutos por parte da Asemblea Xeral será necesario o voto favorable dun número de membros que represente a maioría absoluta.

Artigo 129. Unha vez aprobados os estatutos, remitiranse estes á Administración deportiva autonómica para a súa aprobación e inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas.

CAPÍTULO II: REFORMA DE ESTATUTOS

Artigo 130. Os Estatutos da FGM unicamente poderán modificarse por acordo da Asemblea Xeral, reunida en sesión extraordinaria, previa inclusión na orde do día da modificación que se pretende.

Artigo 131. A proposta para a modificación estatutaria, salvo cando esta teña que ser realizada por imperativo legal, poderá ser suxestionada por:

- 1) Un terzo dos membros da Asemblea Xeral.
- 2) Pola Xunta Directiva.
- 3) Cinco ou máis clubs ou asociacións deportivas.

Artigo 132. A proposta de modificación acompañarase do documento xustificativo da mesma.

Da proposta de modificación e do documento xustificativo darase traslado a cada un dos membros da Asemblea Xeral que contarán cun prazo non inferior a dez días para facer chegar á FGM as emendas ou suxestións que estimen pertinentes.

Entre a data de recepción da proposta de modificación na sede da FGM e a reunión da Asemblea Xeral na que se debata non poderán transcorrer máis de tres meses, polo cal se



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado n.º17
Oficina 10 - 36209 – VIGO
secretaria@fedgalmon.gal- 986 208 758 - fedgalmon.gal



non estivese prevista algunha reunión da Asemblea Xeral dentro deste prazo, deberase convocar para tal fin.

Artigo 133. Entenderase que a Asemblea queda validamente constituída, aos efectos de debater e aprobar; no seu caso, a modificación, cando concorran tres cuartas partes dos seus membros, en primeira convocatoria, a metade máis un deles en segunda.

Artigo 134. A Asemblea Xeral abrirá a sesión coa lectura do texto da modificación proposta así como das emendas e suxestións efectuadas. Posteriormente, tras o debate procederase á votación.

Artigo 135. A aprobación pola Asemblea Xeral da modificación proposta requirirá o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

Artigo 136. A reforma requirirá, unha vez aprobada, a ratificación pola Secretaría Xeral para o Deporte ou polo órgano da Administración autonómica competente en materia deportiva.

Disposición común

Os termos e prazos establecidos nestes estatutos entenderanse referidos a días naturais.

Disposicións derradeiras

Primeira. Estes estatutos entrarán en vigor ao día seguinte ó da notificación da súa aprobación pola Secretaria Xeral para o Deporte, sen prexuízo da súa posterior publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segunda. Estes estatutos están adaptados á Lei 3/2012 do deporte de Galicia e aprobados pola Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación Galega de Montañismo o día 18 de marzo de 2023

Asdo. Josefina Maestu Almeida
Presidenta da FGM

En Vigo, a 18 de marzo de 2023



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente exemplar dos Estatutos da Federación Galega de Montañismo, integrado por 136 artigos, unha disposición común e dúas disposicións derradeiras, contén a modificación dos seguintes artigos: 1 letra b); artigo 2 (cambios nos apartados 1 e 2 e incorporación do apartado 11); artigo 3 (variación dos puntos 7, 10, 11 e 12); artigo 5 (cambios no apartado 2 letra f), e no 4 letra h); artigo 6; artigo 11; artigo 12; artigo 14; artigo 16; artigo 17.1; artigo 18; artigo 19; artigo 20; artigo 21 apartado 4; artigo 23; artigo 24; artigo 26; artigo 27; artigo 32; artigo 34; artigo 35; artigo 37; artigo 48; artigo 49; artigo 50; artigo 52; artigo 54;artigo 57;artigo 64; artigo 70;artigo 71; artigo 74; artigo 81; artigo 83; artigo 84; artigo 86;artigo 87;artigo 88;artigo 89; artigo 92;artigo 99; artigo 100, artigo 101; artigo 104; 112; 115; 117; 118; 119; 120; 122; 132; 133; Disposición Derradeira Segunda; Reestruturación dos Títulos V e VI. Os artigos 22, 25, 28, 29, 58, 63, 68, 75, 76, 85, 94, 95, 97, 107, 109, 111, 114, 121, 124, e 129 foron obxecto de revisión lingüística inclusiva, correccións ortográficas e actualizacións de nomes de institucións ou órganos da Administración Autonómica.

A modificación estatutaria foi aprobada pola Asemblea Xeral extraordinaria do 18.03.2023.

O 29 de xuño de 2023 o Secretario Xeral para o Deporte resolveu ratificar e inscribir a dita modificación no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

A xefa do Servizo Xurídico-Deportivo

Teresa Carrera Babarro

